

# DOCUMENTO MEMORIA XUSTIFICATIVA

## Costa da Morte Traballo en Rede *Posta en valor do Medio Rural* **2024**



## ÍNDICE

<b>1. Costa da Morte, Traballo en Rede</b>	<b>Pax. 3</b>
<b>2. Resumo do proxecto</b>	<b>Pax. 5</b>
<b>3. Obxectivos do proxecto</b>	<b>Pax. 5</b>
<b>4. Proposta de desenvolvemento das actividades</b>	<b>Pax. 6</b>
4.1. Actividade: deseño dos debuxos artísticos baseados nas Romarías	Pax. 7
4.2 Actividade: xomada de exaltación 8 romarías	Pax. 9
4.3. Actividade: xomada de exaltación 8 romarías	Pax. 10
4.4. Actividade: dossier divulgativo “Romarías da Costa da Morte I Propostas gastronómicas.	Pax. 15
4.5. Actividade: xestión de medios, web e redes sociais	Pax. 19

## 1. Costa da Morte, Traballo en Rede

### Que se pretendeu facer?

A finalidade do proxecto foi a realización de actuacións de promoción conxunta de sectores económicos estratéxicos e a posta en valor do territorio. A súa vez, pretendemos:

1. Incrementar o coñecemento de produtos e servizos da Costa da Morte. Xerar ambientes e escenarios reais e establecer as condicións de posibilidades que faciliten un maior coñecemento a través da promoción de proxectos e iniciativas que se desenvolvan na Costa da Morte.
2. Construír un relato. Seguir apostando por unha estratexia de comunicación conxunta, estruturada con contidos que dean conta do valor do territorio, das súas empresas e dos seus produtos e servizos.
3. Referencia no desenvolvemento sostible. Prestar especial atención ao enfoque que marcan os retos de desenvolvemento sostible, reforzando a orientación cara a produción sostible, produto local e de calidade. Referencia que afonde na sostibilidade das comunidades rurais.
4. GDR e Leader como ferramenta. Motivar e animar a novos proxectos dando a coñecer os diferentes apoios cos que poden contar ao amparo do GDR e das axudas do Leader.

### Como quixemos facer?

- Promovendo o talento do territorio. Traballar co sector agrogandeiro e artesanal para divulgar o valor dos seus negocios, produtos e servizos, sentan as bases para afondar no recoñecemento de proxectos atractivos e de referencia.
- Incrementar o valor os produtos. Sendo referencia no mercado e asentando alianzas, que é a base para ampliar as oportunidades de negocio das empresas da Costa da Morte.
- Tecer redes. Buscando interconexións e articulando intereses varios entre as propias empresas e diferentes axentes sociais e institucionais.

## Que temáticas abordamos?

O PRODUTO DO AGRO. Produto de calidade, saudable e de proximidade.

Tratouse de dar a coñecer máis o produto do campo dende o punto de vista da produción, transformación, comercialización e consumo. Analizouse o papel dos mercados e o reforzouse a calidade e frescura dos produtos dos produtos da horta e da gandería como alimentos saudables e próximos. A súa vez, hai que ter en conta a importancia de dar a coñecer iniciativas que se centren na posta en valor dos recursos a través do sector agrogandeiro da Costa da Morte.

A ARTESANÍA. Artesanía e desenvolvemento sostible.

Os oficios e o patrimonio cultural do territorio son claros exemplos de posta en valor dun territorio. O recoñecemento dos produtos artesanais e un maior consumo favorecemos a un comercio xusto, apoiamos ao sector artesanal da economía local e investimos na sostibilidade do mundo rural.

O PATRIMONIO. Patrimonio cultural e identidade.

O patrimonio cultural constitúe un elemento imprescindible para a consolidación de calquera comunidade e aporta elemento de identificación colectiva. Para a consolidación das empresas é fundamental asociala á cultura, historia, contornos naturais e prácticas tradicionais para darlle valor.

A COSTA DA MORTE. Un Terra Atlántica

Coñecer a potencialidade do territorio no que se desenvolven actividades agrogandeiras de referencia e cunha artesanía de prestixio axuda, no seu conxunto, a un maior dinamismo social e económico do territorio. O GDR nesta proposta de traballo en rede pretendeu ser un motor de impulso das iniciativas do medio rural da Costa da Morte que sirvan para definir un modelo de desenvolvemento sostible.

## 2. Resumo do proxecto

A memoria que presentamos recolle os traballos de dinamización e comunicación desenvolvidos polo GDR Costa da Morte no marco de actividades do GDR Costa da Morte, Traballo en Rede no ano 2024. O período comprende os traballos realizados ata outubro de 2024.

As actividades realizadas desenvolvéronse con éxito chegando a cumprir os obxectivos que se formularon na súa planificación. A principais accións desenvolvidas foron:

1. Deseño de 8 propostas gastronómicas con produto local baseadas nas festividades das Romarías da Costa da Morte.
2. Deseño e edición de materiais promocionais a través da artesanía local (liño).
3. Realización dunha Xornada de Exaltación de 8 propostas gastronómicas.
4. Deseño dun dossier para a divulgación das 8 propostas gastronómicas da Romarías da Costa da Morte.
5. Mantemento web e xestión de contidos para medios e redes sociais.

## 3. Obxectivos do proxecto

O principal obxectivo das actuacións foi a promoción conxunta sectores económicos estratéxicos e para aposta en valor do territorio a través do:

1. Traballo co sector agrogandeiro e artesanal.
2. Incremento do valor dos produtos da Costa da Morte.
3. Traballo en rede e construción de alianzas e interconexións para posicionar as empresas da Costa da Morte.
4. Mellorar o posicionamento do destino Costa da Morte a través de novos relatos e experiencias culturais e gastronómicas.

#### 4. Proposta de desenvolvemento das actividades

A proposta de actividades desenvolvida reforzou a identidade e consolidación das empresa a través do traballo en rede de dous sectores centrais no territorio como son o agro e a artesanía, e que contou coa referencia cultural das romarías para a súa posta en valor. Para isto elaborouse, nunha primeira fase, 8 propostas gastronómicas baseadas nas romarías da Costa da Morte.

Para esta primeira fase, as 8 das Romarías da Costa da Morte, foron : 1. Milagres de Caión (A Laracha); 2. San Adrián da Piña (Carballo); 3. Santo Hadrián (Malpica); 4. Nosa Señora do Faro (Ponteceso); 5. San Fins de Castro (Cabana); 6. A Virxe do Monte (Camariñas); 7. Faguía de Carnés (Vimianzo); 8. Virxe da Barca (Muxía).

A súa vez, para a presentación e degustación destas propostas gastronómicas deseñouse unha edición limitada elementos artesanais promocionais do artesanado local. Foron 8 deseños con imaxes e referencias e posterior serigrafiado nos panos de liño.

Finalmente, para a súa divulgación deseñouse un dossier divulgativo en formato dixital, para a promoción das propostas gastronómicas e das propias festividades como accións de dinamización e desenvolvemento do medio rural.

As propostas presentáronse nunha Xornada de exaltación do produto do agro e de artesanía tendo como referencia os eventos festivos sinalados.

Durante o desenvolvemento da actuación fíxose a xestión de medios, redes sociais e web do GDR Costa da Morte e de Terra Atlántica, Costa da Morte.

#### 4.1. Actividade: deseño dos debuxos artísticos baseados nas Romarías

O deseño fíxose a través dunha “técnica mixta” en toda regra: están feitas en analóxico cunha base en acuarela, lapis acuarelable, liña negra en tinta (pluma) e liñas pequenas con rotulador de acrílico. Posteriormente fíxose escaneado e engadido, nalgúns casos, capas en dixital para reforzar as cores ou algún elemento que non se puido meter no debuxo analóxico, uso de “pinces” dixitais que imitan tamén acuarela, lapis de cor e tinta. As grandes masas de cor son acuarela analóxica coloreada, a liña negra é tinta analóxica e os detalles máis brillantes/sólidos/intensos son dixitais.







A maiores, adaptouse a cada unha das 8 localidades unha imaxe específica que recollía as principais características da súa romaría. Estas imaxes utilizáronse para a edición dos panos artesanais de liño e para a promoción das festividades respectivas.

Sinalar que estas imaxes, de cada romaría, partiron do proxecto promovido pola Fundación Eduardo Pondal (Ponteceso), Nove Mares, Promoción da Cultura do Mar na Costa da Morte. A utilización destas imaxes, de uso público, reforza o traballo en rede entre entidades e proxectos para acadar un maior desenvolvemento social e económico e un mellor posicionamento da Costa da Morte.

Imaxes utilizadas: Romarías da Costa da Morte.





San Fins de Castro (Cabana)	Faguía de Carnés (Vimianzo)
 <p>SANÉS FINES DE CASTRO - CABANA DE BERGANTIÑOS</p>	 <p>FAGUÍA DE CARNÉS - VIMIANZO</p>
Virxe do Monte (Camariñas)	Virxe da Barca (Muxía)
 <p>VIRXE DO MONTE - CAMARIÑAS</p>	 <p>VIRXE DA BARCA - MUXÍA</p>

#### 4.2. Actividade: realización de panos de liño e serigrafiado cos debuxos

Para a presentación e degustación destas propostas gastronómicas contouse co deseño e proposta dunha edición limitada de elementos artesanais promocionais de pano de liño do artesanado local. Contouse coa colaboración da Asociación de Amigos do Liño. Esta actividade foi:

- Unha aposta pola artesanía local como é, neste caso, o liño. Panos sen imaxe e con imaxes das romarías como exemplo. E que poden ter un uso de ritual, de recordo, ou mesmo algo de utilidade para limparse.
- Unha aposta polo coidado do medio ambiente. É importante a posta marcha de prácticas respectuosas co medio nos eventos e festas, neste

caso as romarías co uso de materiais, como son os panos de liño, que pretenden eliminar prácticas (panos de microfibras, etc) con maior impacto no medio.

### Imaxes da etiquetas e dos panos de liño



#### 4.3. Actividade: xornada de exaltación 8 romarías

Antes da Xornada de Exaltación contrastáronse as posibilidades e opcións gastronómicas coas Comisións de Festas das diferentes romarías seleccionadas .

Para a realización da Xornada de Exaltación contouse coa participación de Miguel Silvarredonda investigador, profesor e cociñeiro do CIFP Paseo das Pontes (A Coruña) que presentou, a través dun showcooking, as propostas gastronómicas.

Durante a Xornada deuse conta das singularidades da proposta, do seu sentido e elaboración das propostas e onde o produto do agro e do mar foron a estrela na cociña, símbolo de identidade e cultura gastronómica.

A Xornada conseguiu afianzar alianzas de traballo en rede de sectores centrais no territorio como son o agro, a pesca, a artesanía e o seu patrimonio cultural que axudan a dinamización do rural porque:

- Tentan poñer en valor do produto local, de proximidade e saudable, nunha combinación, cada vez máis demandada, de produtos do agro e do mar que a Costa da Morte pode presumir.
- Un recoñecemento ás capacidades instaladas no territorio como é a hostalaría e os seus profesionais que representou, na Xornada, Miguel Silvarredonda.

O GDR Costa da Morte, a través desta iniciativa, tratou, tamén de aproveitar os recursos culturais e tradicións (romarías) xerando relatos/historias que formen un novo produto turístico coa gastronomía como elemento motor pero que pode sumárselle máis elementos como a música tradicional ou a tradición oral. A proposta resultou atractiva xa que está en consonancia co novo paradigma turístico onde o viaxeiro busca contidos, busca experiencias. Actuacións que crean autenticidade; e con contidos que crean e aportan un valor diferencial e experiencial na Costa da Morte.

### Imaxes da Xornada












## Listado de asistencia á Xornada de Exaltación



### LISTA DE ASISTENCIA

Actividade: XORNADA EXALTACIÓN 8 ROMARÍAS

Lugar e data: CARBALLO, 25 DE OUTUBRO DE 2024

Nome a apelidos	DNI	Entidade/Localidade	Sinatura
Carme Calvelo Calvo	52433718C	AA UU - Fonte Sedreira	
Gabriel Varda Pose	32382867V	Comisión Nóse Sentou no Faro	
Jose Ordoñez Pombo	76303131X	''	
Couselo García García	76303138V	''	
Eloy Vilas Mate	47368216S	Comisión Santo Martián	
ALEXANDRA LEYVA BLANCO	47387277-4	'' ''	
Manuel Gil Bontalebz	32374120X	Comisión San Fins	
Mar Casal Poubo	32798201S	Diano Bergantinos	
JOSE MANUEL LOPEZ VARELA	76-351-871-J	Comisión N-CARBALLO	

#### INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS. Consentimento da persoa interesada

Mediante a sinatura no recadro Vde. acepta o uso dos seus datos persoais para os fins especificados na política de protección de datos. No caso de non asinar recoñece que non acepta esta política e, por tanto, non poderá ser dado/a de alta no rexistro de actividades da Asociación Costa da Morte-GDR I AGADER.

#### Responsable

Asociación Costa da Morte-GDR I AGADER  
 CIF: G-70180583  
 Enderezo: Rúa A Torre, s/n. Edificio Servicios Múltiples.  
 15129 - Vimianzo (A Coruña)  
 E-mail: gdrcostadamorte@gdrcostadamorte.com

#### Destinatarios

Os datos persoais poderanse ceder á entidade adjudicataria que preste os servizos relacionados cos eventos, para facilitar a convocatoria e difusión de actividades no marco dos mesmos

#### Finalidades principais

1.- Participar en proxectos ou actividades organizadas pola Asociación Costa da Morte-GDR I AGADER. 2.- Publicar fotografías ou imaxes de eventos nos que vostede apareza. 3.- Recibir información por vía telefónica e/ou correo electrónico sobre os diferentes eventos, fases e resultados dos proxectos ou actividades realizadas. Os datos persoais serán conservados mentres non se solicite a súa supresión e durante o tempo establecido para o cumprimento das responsabilidades legais.

#### Dereitos

A persoa interesada pode, en todo momento, exercer o seu dereito para revogar o seu consentimento para o tratamento dos seus datos, así como solicitar o acceso, rectificación ou supresión, limitación ou a súa portabilidade, remitindo unha comunicación por escrito á Asociación Costa da Morte-GDR I AGADER. Así mesmo, a persoa interesada tamén poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) se non obtén satisfacción no exercicio dos devanditos dereitos.










## Listado de asistencia ás Xornadas de Exaltación



### LISTA DE ASISTENCIA

Actividade: XORNADA EXALTACIÓN 8 ROMARÍAS

Lugar e data: CARBALLO, 25 DE OUTUBRO DE 2024

Nome a apelidos	DNI	Entidade/Localidade	Sinatura
ALBERTO MARTÍNEZ ROSE	76365248N	GDR	
M <sup>re</sup> SOLEDAD FACAL AMEIXEIRAS	78792733T	GDR	
JOSE A. VILA GARCÍA	52435403A	GDR	
Noelice Barreira Castiñedo	47375368Z	Integro	
Luis Manuel Abelleira Morgado	32787487K	Comisión Cacón	
Marta Saez Otero	79321554M	Carallojo Carballo	
M <sup>re</sup> Rodríguez Mouzo	76299044V	Mulleres Progresistas Durbia	
Albino Barrientos Ozón	32363892V	"	
José Luis Vietes Quintana	33240153R	AAVV Fondeo Salvaxeira	

#### INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS. Consentimento da persoa interesada

Mediante a sinatura no recadro Vde. acepta o uso dos seus datos persoais para os fins especificados na política de protección de datos. No caso de non asinar recoñece que non acepta esta política e, por tanto, non poderá ser dado/a de alta no rexistro de actividades da Asociación Costa da Morte-GDR I AGADER.

#### Responsable

Asociación Costa da Morte-GDR I AGADER  
 CIF: G-70180583  
 Enderezo: Rúa A Torre, s/n. Edificio Servicios Múltiples.  
 15129 - Vimianzo (A Coruña)  
 E-mail: gdrcostadamorte@gdrcostadamorte.com

#### Destinatarios

Os datos persoais poderanse ceder á entidade adxudicataria que preste os servizos relacionados cos eventos, para facilitar a convocatoria e difusión de actividades no marco dos mesmos

#### Finalidades principais

1.- Participar en proxectos ou actividades organizadas pola Asociación Costa da Morte-GDR I AGADER. 2.- Publicar fotografías ou imaxes de eventos nos que vostede apareza. 3.- Recibir información por vía telefónica e/ou correo electrónico sobre os diferentes eventos, fases e resultados dos proxectos ou actividades realizadas. Os datos persoais serán conservados mentres non se solicite a súa supresión e durante o tempo establecido para o cumprimento das responsabilidades legais.

#### Dereitos

A persoa interesada pode, en todo momento, exercer o seu dereito para revogar o seu consentimento para o tratamento dos seus datos, así como solicitar o acceso, rectificación ou supresión, limitación ou a súa portabilidade, remitindo unha comunicación por escrito á Asociación Costa da Morte-GDR I AGADER. Así mesmo, a persoa interesada tamén poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) se non obtén satisfacción no exercicio dos devanditos dereitos.




## Listado de asistencia ás Xornadas de Exaltación



### LISTA DE ASISTENCIA

Actividade: XORNADA EXALTACIÓN 8 ROMARIÁS

Lugar e data: CARBALLO, 25 DE OUTUBRO DE 2024

Nome a apelidos	DNI	Entidade/ Localidade	Sinatura
GUILHERMO GONZALEZ JIRZ	328262992	GARP C. MORTA	
M <sup>te</sup> TERESA PARÇA LLRES	32836169N	CONCELLO CARBALO	
EVENCIO FERRERO RODRIGUEZ	76321421S	Concello CARBALO	

#### INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE A PROTECCIÓN DE DATOS. Consentimento da persoa interesada

Mediante a sinatura no recadro Vde. acepta o uso dos seus datos persoais para os fins especificados na política de protección de datos. No caso de non asinar recoñece que non acepta esta política e, por tanto, non poderá ser dado/a de alta no rexistro de actividades da Asociación Costa da Morte-GDR I AGADER.


Responsable	Destinatarios
<b>Asociación Costa da Morte-GDR I AGADER</b> CIF: G-70180583 Enderezo: Rúa A Torre, s/n. Edificio Servicios Múltiples. 15129 - Vimianzo (A Coruña) E-mail: gdrkostadamorte@gdrkostadamorte.com	Os datos persoais poderanse ceder á entidade adjudicataria que preste os servizos relacionados cos eventos, para facilitar a convocatoria e difusión de actividades no marco dos mesmos


Finalidades principais	Dereitos
1.- Participar en proxectos ou actividades organizadas pola Asociación Costa da Morte-GDR I AGADER. 2.- Publicar fotografías ou imaxes de eventos nos que vostede apareza. 3.- Recibir información por vía telefónica e/ou correo electrónico sobre os diferentes eventos, fases e resultados dos proxectos ou actividades realizadas. Os datos persoais serán conservados mentres non se solicite a súa supresión e durante o tempo establecido para o cumprimento das responsabilidades legais.	A persoa interesada pode, en todo momento, exercer o seu dereito para revogar o seu consentimento para o tratamento dos seus datos, así como solicitar o acceso, rectificación ou supresión, limitación ou a súa portabilidade, remitindo unha comunicación por escrito á Asociación Costa da Morte-GDR I AGADER. Así mesmo, a persoa interesada tamén poderá presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD) se non obtén satisfacción no exercicio dos devanditos dereitos.

#### 4.4. Actividade: *dossier* divulgativo “Romarías da Costa da Morte I Propostas gastronómicas.

Deseñouse un dossier divulgativo en formato dixital, para a promoción das propostas gastronómicas e das propias festividades como accións de dinamización e desenvolvemento do medio rural que se pode consultar integramente tanto na web do GDR da Costa da Morte e como da marca Costa da Morte, Terra Atlántica, así como nas respectivas redes sociais.

**Dossier - Romarías da Costa da Morte I Propostas Gastronómicas**





Este dossier recolle a iniciativa de Costa da Morte, Terra Atlántica para a promoción do produto local, a artesanía e as tradicións a través das Romarías da Costa da Morte.

Urha proposta que trata de reforzar e poñer en valor a identidade da Costa da Morte a través de sectores importantes como son o agro, a artesanía e o seu patrimonio cultural.

Para isto ideamos 8 propostas gastronómicas das romarías como accións de dinamización e desenvolvemento do medio rural que aportan un valor diferencial e experiencial na Costa da Morte.

## Dossier - Romarías da Costa da Morte | Propostas Gastronómicas

### MILAGRES DE CAIÓN (A Laracha)

Raia con touciño entrefebrado de porco celta



MILAGRES DE CAIÓN - A LARACHA

### SAN ADRIÁN DA PIÑA (Carballo)

Bolo preñado



SAN ADRIÁN DA PIÑA - CARBALLO

### SANTO HADRIÁN (Malpica de Bergantiños)

Sardiña lañada



SANTO HADRIÁN - MALPICA DE BERGANTIÑOS



## Dossier - Romarías da Costa da Morte | Propostas Gastronómicas

### SEÑORA DO FARO (Ponteceso)

Porco celta empanado



### SANS FINS DE CASTRO (Cabana de Bergantiños)

Tortilla de roxóns



### FAGUÍA DE CARNÉS (Vimianzo)

Callos



## Dossier - Romarías da Costa da Morte | Propostas Gastronómicas

### VIRXE DO MONTE (Camariñas)

Bacallau frito con sandía



VIRXE DO MONTE - CAMARIÑAS

### VIRXE DA BARCA (Muxía)

Empanada de mexillón e codium



VIRXE DA BARCA - MUXÍA



#### 4.5. Actividade: xestión de medios, web e redes sociais

Co obxectivo de reforzar a visibilidade do proxecto e da xornada de exaltación, así como de comunicar ao público xeral, elaborouse una noticia para medios, páxina web e redes sociais do GDR Costa da Morte, e na marca de territorio Costa da Morte, Terra Atlántica.

Noticia en La Voz de Galicia

[https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2024/10/23/terra-atlantica-promocionara-producto-local-romerias-costa-da-morte/0003\\_202410C23C3995.htm](https://www.lavozdegalicia.es/noticia/carballo/2024/10/23/terra-atlantica-promocionara-producto-local-romerias-costa-da-morte/0003_202410C23C3995.htm)



## Nas web do GDR Costa da Morte e na da Marca



### 24 Out Xornada de Exaltación 8 Romarías

Posted at 12:24h in Agro, Alimentación, Marca Terra Atlántica by Terra Atlántica · 0 Comments ·

O próximo venres 25 na Escola de Hostalaría de Carballo (Forum Carballo), ás 19:00 horas, terá lugar a presentación da iniciativa que trata de reforzar a identidade e consolidación da Costa da Morte e do traballo en rede de sectores centrais no territorio como son **o agro, a artesanía e o seu patrimonio cultural**.


Para isto preténdese elaborar, nun primeiro momento, **8 propostas gastronómicas novas** ou complementarias ás existentes baseadas nas Romarías da Costa da Morte, e na combinación do produto do mar e da terra.

Para a presentación e degustación destas propostas gastronómicas deseñase unha edición limitada de elementos artesanais promocionais de pano de liño do artesanado local. Á súa vez, deseñaríase un dossier divulgativo en formato dixital, para a **promoción das propostas gastronómicas e das propias festividades como accións de dinamización e desenvolvemento do medio rural**.

Para a xornada de exaltación, do día 25, contaremos con Miguel Silvarredonda investigador, profesor e cociñeiro do CIFP Paseo das Pontes (A Coruña) que nos fará diferentes propostas gastronómicas relacionadas con 8 das Romarías da Costa da Morte: Milagres de Caión (A Laracha); 2. San Adrián da Piña (Carballo); 3. Santo Hadrián (Malpica); 4. Nosa Señora do Faro (Pontecesos); 5. San Fins de Castro (Cabana); 6. A Virxe do Monte (Camarías); 7. Faguia de Carnés (Vimianzo); 8. Virxe da Barca (Muxía).

Ao acto só se poderá asistir con invitación.

Así mesmo, a comunicación en liña reforzouse mediante un post na canle Instagram:



Unha vez realizada a xornada, fixémonos eco na páxinas do GDR Costa da Morte e na web de Terra Atlántica.



[Inicio](#)[A marca](#)[Costa da Morte](#)[Empresas adheridas](#)[Blog](#)[Contacto](#)

## 29 Out Celébrase a xornada 8 Romarías

Posted at 13:29h in Agro, Alimentación, Marca Terra Atlántica by Terra Atlántica · 0 Comments ·

O pasado venres celebrouse, na Escola de Hostalería de Carballo, a xornada de exaltación 8 Romarías. Este espazo tivo por obxectivo promocionar, de maneira conxunta, distintos sectores estratéxicos da Costa da Morte: agro, mar, artesanía, cultura e patrimonio.

Logo dunha benvinda a cargo de Maruxa Suárez, Concelleira de cultura e festas de Carballo, e Manuel Muíño, presidente do GDR Costa da Morte, a centralidade da xornada correu a cargo de Miguel Silvarredonda. Tomando como inspiración as Romarías da Costa da Morte, degustáronse distintas propostas culinarias que representan estes elementos culturais e tradicións, para continuar dándoas a coñecer e fortalecéndoas.

Costa da Morte – Terra Atlántica, a través desta iniciativa, trata de continuar promovendo o desenvolvemento local e de aproveitar os recursos culturais e tradicións, xerando relatos que formen un novo produto turístico coa gastronomía como elemento motor ao que sumarlle novos elementos, como a música tradicional ou a tradición oral.

En redes sociais, tamén se publicou a celebración da Xornada.

← Instagram



terra\_atlantica  
Carballo



terra\_atlantica 3 min · O pasado venres celebrouse a Xornada de Exaltación 8 Romarías!... [más]  
Ver traducción



Costa da Morte Terra Atlántica

2 min · 🌐

O pasado venres celebrouse a xornada de exaltación 8 romarías. Un encontro n... Ver más



Finalmente, algúns dos xornais fíxose eco da noticia como foi o Diario de Bergantiños

